



ÁLVARO VILA ARAUJO, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DUN PLAN INTEGRAL CONTRA A SILICOSE NA PROVINCIA DE OURENSE**

A silicose é unha enfermidade profesional grave que afecta a traballos expostos ao po de sílice cristalina, nomeadamente na minería, cantería, industria transformativa de materiais de orixe mineral e construción. Un informe do ministerio de Sanidade conclúe a reemerxencia da silicose en España, rexistrándose en 2024 até 520 casos do total de 5.900 comunicados desde 2007. Uns datos que confirman o deterioro da situación sobre o que xa alertaba o Instituto Nacional de Silicose (INS) cando confirmou 224 novos casos de silicose en 2023, marcando unha cifra substancialmente superior á media dos últimos 15 anos. O incremento reflicte a persistencia do andazo e a urxencia de políticas para o seu control, sobre todo en sectores como a extracción de roca ornamental (granito e lousa), que son os principais responsables dos novos casos (36,2% do total).

Galicia segue a ser a comunidade autónoma española máis afectadas pola silicose. Durante o período 2020-2023, en territorio galego concentráronse o 28,1% dos partes de declaración de enfermidades profesionais por silicose no Estado español, con 447 casos notificados segundo os datos recollidos no informe "La reemergencia de la silicosis en España". Galicia eríxese deste xeito como a comunidade máis afectada con diferenza, duplicando a incidencia de Andalucía (14,2% dos casos) e moi por riba de Valencia (12,4%), Castela e León (13,2%) e Euskadi (5,9%). Este alto impacto está vencellado á longa tradición da industria extractiva galega, contabilizando importantes taxas de actividade na explotación de granito e lousa, así como ás actividades de procesamento destes minerais.

No contexto galego é na provincia de Ourense onde a silicose ten unha meirande afectación peso da extracción e transformación de pedra natural, destacando aquí o sector da lousa. Emporiso a comarca de Valdeorras é a que máis padece o auxe da enfermidade. En 2023, o sector da lousa foi responsable de 56 novos casos de silicose, o que representa o 25,0% do total nacional. Isto pon de relevo a importancia deste sector na provincia nosa provincia, onde se extrae arredor do 70% da produción global española de lousa. Na distribución dos procesos asistenciais por tipo de diagnóstico, Ourense presenta unha carga case exclusiva de “diagnósticos secundarios”, que significa que moitos casos de silicose están a ser ditaminados como complicacións doutros problemas de saúde, o cal pode subestimar o seu auténtico alcance.

O “Estudio epidemiológico médico-técnico de los trabajadores de pizarra en Galicia” elaborado polo INS revelan que a silicose asociada á extracción e procesamento de



lousa ten unha longa traxectoria histórica en Ourense. O documento, que analiza a exposición ocupacional á sílice cristalina entre os traballadores da lousa na nosa provincia, destaca que: 1) a maior parte dos casos de silicose están relacionados con exposicións prolongadas no sector extractivo; 2) o tempo medio de latencia entre a exposición e o desenvolvemento da enfermidade oscila entre 12-15 anos; e que 3) a idade media dos pacientes nos procesos asistenciais por silicose en Ourense sitúase arredor dos 74,8 anos, denotando un desenvolvemento acumulativo da enfermidade ao longo do tempo.

A predominancia de diagnósticos secundarios en Ourense obstaculiza a detección ceda de novos casos e a visibilidade de riscos emerxentes derivados do procesamento da lousa. A sílice cristalina está clasificada pola Axencia Internacional para a Investigación do Cancro (IARC) como substancia canceríxena, engadindo un risco potencial á exposición adicional á silicose. A nosa provincia presenta un perfil único no contexto da silicose en España, requirindo de accións específicas para previr e atender a enfermidade. Entóxase imperativa a adopción dun plan integral que combine medidas preventivas, tratamento médico, sensibilización, apoio legal e desenvolvemento tecnolóxico, estando a Deputación de Ourense en situación de liderar o esforzo coordinado entre administracións públicas, empresas, sindicatos e organizacións sociais.

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO:**

PRIMEIRA.- En colaboración coas autoridades sanitarias, avanzar cara a creación dun rexistro provincial de enfermidades profesionais, que inclúa datos específicos sobre os casos de silicose, a realización de estudos epidemiolóxicos para identificar sectores de risco e zonas prioritarias, así como facilitar exames médicos gratuítos e periódicos para traballadores expostos á sílice con vistas a mellorar a detección ceda do andazo e xerar datos precisos para deseñar políticas efectivas.

SEGUNDA.- En colaboración coas instancias acaídas, promover a adopción de protocolos de seguridade laboral para empresas en sectores de alto risco (minería, canteiras, construción), subvencionar a adquisición de equipos de protección individual de alta calidade, incentivar a instalación de sistemas de ventilación e aspiración en espazos de traballo con po de sílice e establecer auditorías laborais regulares para verificar o cumprimento da normativa de seguridade con vistas a reducir a exposición dos traballadores e previr novos casos de silicose.

TERCEIRA.- Instar á Consellería de Sanidade á creación dunha unidade especializada de enfermidades pulmonares ocupacionais no Hospital Comarcal de Valdeorras, dispor de especialistas no devandito centro médico e garantir a gratuidade de tratamentos médicos, que inclúan a rehabilitación respiratoria e asistencia psicolóxica para pacientes con silicose e facilitar o acceso a axudas económicas a persoas con silicose



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar

32003 Ourense

Tlf. 988 317 972

CIF: G32244345

incapacitante para brindar unha atención integral e mellorar as condicións de vida dos afectados.

CUARTA.- Poñer en marcha campañas informativas dirixidas a empresarios, traballadores e sociedade en xeral sobre os riscos da exposición ao po de sílice, organizar obradoiros e xornadas formativas e distribuír material didáctico sobre medidas de protección e dereitos laborais.

QUINTA.- Facilitar asesoramento xurídico gratuíto a traballadores afectados pola silicose para reclamar os seus dereitos, que poden incluír indemnizacións e compensacións, esixindo das empresas que contraten seguros específicos para cubrir enfermidades profesionais relacionadas coa sílice.

SEXTA.- Establecer colaboracións con universidades e centros de investigación para avanzar no coñecemento da silicose e promover solucións científicas e tecnolóxicas que minimicen o impacto da exposición á sílice.

SÉPTIMA.- Abrir liñas de axuda para a modernización de canteiras e obradoiros artesanais para incorporar equipos que reduzan a emisión de po, promovendo dinámicas laborais que dean prioridade ás saúde e sustentabilidade do sector para preservar a actividade económica e avanzar cara a protección dos traballadores.

En Ourense, a 4 de abril de 2025.

Asinado: **Álvaro Vila Araújo**

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

socialistaourense@gmail.com

[Facebook: PSdeGdeOurense](#)

[Twitter: @PSdeGDepOU](#)